



Ayuntamiento de Vigo  
Secretaría General-Pleno  
Expte. 4208/1101

Expte: 2327/232  
ret: 10 ABRIL 2024

## Resolución.- Limitación da asistencia ás sesións plenarias.

### ANTECEDENTES

Visto informe da Policía Local de data 28.12.2023, 29.01.2024 e 9.02.2024 relativo a identificación ds persoas que na sesión plenaria de data 28.12.2023 motivaron a suspensión do pleno e foron expulsados da sesión de pleno por orde da Presidencia.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O art. 49.2, 3 e 4 do Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo (BOPPO núm. 87 do 10/05/2021) dispón:

«2. *Corresponde á Presidencia a materialización do dereito fundamental dos cidadáns de Vigo participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes. É deber da Presidencia preservar a correcta orde das sesións ostentando para iso inherentes poderes de dirección no salón de Sesións ao obxecto de posibilitar que o Pleno cumpra a súa función participativa e democrática. A Presidencia chamará á orde, procedendo inclusive á expulsión, ás persoas que, por calquera causa, impidan o normal desenvolvemento da sesión.*

3. *Sen prexuízo da súa amoestación e, no seu caso, expulsión, ás persoas que no transcurso dun Pleno foran reiteradamente chamadas á orde pola Presidencia por inxerencia, intromisión ilexítima, alteración, ou interrupción da sesión, é así conste na Acta ou no borrador da Acta da sesión, poderáselles limitar, mediante Resolución motivada da Alcaldía, a súa asistencia ás sesións por un prazo de dous a catro meses en función da relevancia e intensidade da perturbación ocasionada.*

4. *A policía municipal realizará Parte de Servizo dos feitos que perturben o desenvolvemento da Orde do Día ou a adopción de acordos e daqueles outros que supoñan alteración do orden público da sesión ou falta de respecto e consideración os membros da Corporación; no caso de que os servizos xurídicos consideren que os mesmos son constitutivos de infracción penal formularase denuncia.»*

Visto que no informe do Servizo da Policía Local de data 28.12.2023 consta respecto as incidencias durante a celebración do pleno:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/02/2024 13:59	Páxina 1 de 4
240056878	CSV: A1A44A-ACEA47-C1AH3C-WM34J8-8QTYB3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*"\* A las horas 09:57 horas se levanta un varón con escarapela número 9 (identificado en listado de asistencia como M. Núñez Vidal, DNI \*\*\*10088\*\*) dirigiéndose a la corporación en los siguientes términos: " Llevamos cuatro años con el salario congelado", "34 días con reivindicaciones que no valieron para nada", "Font mentiroso", "Vamos a matar a alguien por desgracia", "Algún día va a morir un niño", "Somos trabajadores pobres", "Tómense en serio la seguridad".*

*\* Al mismo tiempo se levanta otro varón, con escarapela número 29 (identificado en listado de asistencia como J. Rodríguez Sanromán), DNI \*\*\*5142\*\*, quien repite la frase "Font mentiroso" y diversas consideraciones sobre salario y condiciones laborales, interrumpiendo el pleno con los gritos proferidos.*

*\* Las personas con escarapelas número 26 (R.G. Fernández, DNI \*\*\*1522\*\*), 27 (M. Domínguez Rodríguez, DNI \*\*\*7420\*\*) y 41 (F. Romello Beloso, DNI \*\*\*1026\*\*) se dirigen asimismo a la corporación reiterando la frase "Font mentiroso" y "Vitrasa Solución".*

*\* Se observa que al mismo tiempo el resto de asistentes que acompañan a estas personas y que presuntamente pertenecen a la empresa vitrasa comienzan a alzar la voz y manifestar algún tipo de comentario hacia la corporación, con el objeto de hacer notar su presencia e interrumpir la celebración del pleno.*

*\* Con las manifestaciones expuestas el pleno se ha visto interrumpido un total de 6 minutos. Una vez finalizan las expresiones ya descritas, los asistentes que realizaban tales reivindicaciones abandonan el pleno, siendo las 10:03 horas, y resultando ser las siguientes personas (identificadas según hoja de asistencia que se adjunta al presente informe): escarapelas números 9, 10, 11, 26, 27, 28, 29, 31, 32, 33, 34, 38, 40, 41, 42, 43, 45 y 46".*

Consta igualmente no archivo audiovisual da sesión plenaria consta que dende as 9:56 h horas ata as 10:00 horas aproximadamente procedeuse a suspensión do pleno con motivos das interrupcións.

Así mesmo segundo informe do Servizo da Policía Local de data 29.01.2024 consta " Que sendo las 9:10 horas, 2 trabajadores del colectivo de la empresa Vitrassa, identificados en la hoja de control de acceso con el número de acreditación 3 y 10, comienzan a dar voces dirigiéndose a la presidenta de plenos y a los concejales del grupo de Gobierno, con el fin de exponer sus conflictos laborales y recriminar la actuación municipal ante tal conflicto.

Que la presidenta del pleno indica a los alborotadores que no pueden interrumpir el pleno, que tras repertilo en tres ocasiones la presidencia decide la suspensión del pleno durante 10 minutos, añadiendo que las personas causantes del alboroto no pueden permanecer en el interior del salón de pleno, solicitando la actuación de las dotaciones presenetas en el salón de pleno, siendo estos:294498-294507-294093-294662.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/02/2024 13:59	Páxina 2 de 4
240056878	CSV: A1A44A-ACEA47-C1AH3C-WM34J8-8QTYB3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Que se invita a los alborotadores a abandonar el salón de plenos, haciéndolo estos de manera pacífica, siendo las 9:17 h."*

Así mesmo segundo dito informe o Sr. Pazos Vázquez con DNI \*\*\*6074\*\* se atopaba sinalado como causante do alboroto no pleno o día 28.12.2023.

Consta igualmente no arquivo audiovisual da sesión plenaria da sesión que serve de soporte a vídeo acta que dende as 9:12 horas ata as 9:30 horas aproximadamente procedeuse a suspensión do pleno con motivos das interrupcións.

Á vista do sinalado nos informe do de servizo da Policía Local e nos arquivos audiovisuais das sesións plenarias de data 28.12.2023 e 29.01.2024 consta que no transcurso da celebración da sesión plenaria do 28.12.2023 produciuse a interrupción e suspensión da sesión plenaria por causa varias interrupcións e chamadas á orde pola Presidencia da sesión por parte do público asistente á mesma, téndose que deter o desenvolvemento normal da sesión polo que, de acordo co art. 49.3 do Regulamento transcrito se lles pode limitar o acceso á futuras sesións.

Procede aplicar a escala inferior da gradación establecida no devandito artigo.

Polo tanto en uso das competencias atribuídas polo art. 49.3 do regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, esta Alcaldía **RESOLVE**

**Primeiro.-** Limitar a asistencia as sesións do Pleno do Concello polo prazo de dous meses contados dende a data da sinatura desta resolución ás seguintes persoas identificadas nos partes de servizo da Policía Local citados nos antecedentes e polos motivos nos mesmos recollidos.

- Sr. Núñez Vidal, Manuel, DNI \*\*\*5142\*\*
- Sr. Rodríguez Sanromán, DNI \*\*\*5142\*\*
- Sr. Gaspar Fernandez, DNI \*\*\*1522\*\*
- Sr. Domínguez Rodríguez, DNI \*\*\*7420\*\*
- Sr. Romello Beloso, DNI \*\*\*1026\*\*
- Sr. Arnos Montes, DNI \*\*\*2519\*\*
- Sr. Pazos Vázquez, DNI \*\*\*6074\*\*

**Segundo.-** Notificar aos interesados e publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e sede electrónica do Concello-

**Terceiro.-** Contra esta resolución e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/02/2024 13:59	Páxina 3 de 4
240056878	CSV: A1A44A-ACEA47-C1AH3C-WM34J8-8QTYB3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarta.-** Dar traslado da presente resolución á Xefatura da Policía Local do Concello de Vigo aos efectos oportunos.

SGF

Data da sinatura dixital,

O ALCALDE

Abel Caballero Alvarez

Dou fe, A Secretaria de Goberno Local

Susana Gallardo Fariña (Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 6.02.2023)

**DILIGENCIA:** Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 10-04-2024  
El Secretario General  
P.A.  
El Jefe del Registro General.

Jose Manuel Gonzalez Ocha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/02/2024 13:59	Páxina 4 de 4
240056878	CSV: A1A44A-ACEA47-C1AH3C-WM34J8-8QTYB3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		